



Mundo de Cores

Ficha pedagóxica

NOME DA DINÁMICA: *As cores do meu mundo*

Actualmente atopámonos nunha sociedade plural. Mais a migración non é algo novo. O ser humano a longo da historia sempre esta migrando en busca da supervivencia e a adaptación. Por iso, a través desta dinámica, queremos amosar as/aos máis pequena/os como mesmo dentro da nosa familia e amizades, podemos atopar xente que nasceu en diferentes lugares ou mudouse a vivir a outra cidade ou país, e así poidan interiorizar a normalidade da migración, así como, a proximidade das persoas que aprecian, indiferentemente da súa procedencia, relixión, cultura....

OBXETIVO DA ACTIVIDADE:

- Amosar as/aos máis pequena/os como mesmo dentro da nosa familia e amizades, podemos atopar xente que nasceu en diferentes lugares ou mudouse a vivir a outra cidade ou país.
- Interiorizar a normalidade da migración.
- Naturalizar a diferenza a través da proximidade das persoas que aprecian, indiferentemente da súa procedencia, relixión, cultura....

HABILIDADES E ACTITUDES QUE DESENVOLVE:

- Escucha activa
- Autenticidade e respecto ao outro.
- Apertura
- Confianza
- Sinceridade
- Autocoñecemento
- Apertura a explorar emocións

TIPO: Grupal.

MATERIAL NECESARIO:

Papel de mural, cores, folios, pegamento e tesoiras. cintas virxes.

TEMPO DE DESENVOLVEMENTO:

60 minutos semanais aproximadamente, ao longo dun trimestre.



Mundo de Cores

Ficha pedagóxica

DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA:

1. Faremos un mural con papel de embalar o mais grande posible e o colgaremos nun lugar visible na aula.
2. Debuxaremos ou Imprimiremos siluetas dos diversos continentes do mapamundi os cales as crianzas poderan recortar e colorear.
3. Cada unha das crianzas investigará na súa casa, se teñen algún familiar ou amizade que nacera ou viva fora do seu entorno.
4. Farán unhas siluetas recortables ou se lle facilitaran plantillas , (tamén poderán ser copias de fotografías recortadas) daqueles familiares ou amizades que teñan o longo do mundo, do país, do continente....
5. Unha vez teñan a silueta da persoa a representar faran un “bocadillo” de comic que anexaran a foto ou debuxo da silueta, e onde aparecerá:

Nome do/a alumno/a:

Parentesco:

Lugar de orixe:

Lugar de residencia:

6. Cada vez que algunha das crianzas colgué algunha foto ou silueta no mural, lles falará o resto da aula sobre a persoa que esta alí representada (o vinculo que lles une, que o que lle gusta desta persoa, que cousas diferentes cree que ha nese lugar...)